



Concello de Bueu

Expediente	3189/2019
Código SIA	1428945
Procedemento	Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
Asunto	Procedemento para a cobertura dunha praza de Técnico de administración Xeral en réxime de interinidade do Concello de Bueu
Documento	Anuncio do Tribunal
Trámite	<p>1º.- Cualificación definitiva do procedemento selectivo para a cobertura dunha praza de Técnico de administración Xeral en réxime de interinidade do Concello de Bueu.</p> <p>2º.- Proposta de nomeamento de ALBA CARRERA DACUÑA, DNI núm. ***5414**, como persoal funcionario interino para cubrir a praza de Técnico ou Técnica de administración xeral adscrita ao departamento de Urbanismo, medio ambiente e actividade de supervisión.</p>

Anuncio do Tribunal

1º.- CUALIFICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL EN RÉXIME DE INTERINIDADE DO CONCELLO DE BUEU.-

Finalizado o prazo para a presentación de reclamacións e alegacións á cualificación provisional do proceso selectivo para a cobertura dunha praza de Técnico de administración Xeral, en réxime de interinidade, do Concello de Bueu, sen terse presentada alegación ou reclamación algunha, a cualificación provisional de dito procedemento, determinada pola suma das puntuacións obtidas por ALBA CARRERA DACUÑA, DNI núm. ***5414**, única aspirante que ten superados o primeiro e segundo exercizo, "Probas teóricas" e "Proba práctica", respectivamente, do citado procedemento, quedan elevadas a definitivas.

Pode consultar o texto íntegro do anuncio do Tribunal, de data 21.10.2020, que contén as cualificacións provisionais elevadas a definitivas, identificado co código seguro de validación (CSV) núm. 52HWAJZDJY4RFZLNQCSTCZALEG, mediante a introdución de dito código na pestana relativa a "INFORMACIÓN XERAL" apartado "validación de documentos" da sede electrónica do concello de Bueu (<https://bueu.sedelectronica.gal/>).

2º.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE ALBA CARRERA DACUÑA, DNI NÚM. *5414**, COMO TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL, EN RÉXIME DE INTERINIDADE, DO CONCELLO DE BUEU.-**

2.1. Proposta de nomeamento.-

En aplicación do disposto no parágrafo 4º da base 9ª das bases reguladoras do proceso selectivo, o tribunal propón o nomeamento de ALBA CARRERA DACUÑA, DNI NÚM. ***5414**, como persoal funcionario interino para cubrir a praza de Técnico ou Técnica de administración xeral, encadrada na escala de Administración xeral, subescala técnica, clase superior, e integrada no grupo A, subgrupo A1, nivel CD 25, adscrita ao departamento de Urbanismo, medio ambiente e actividade de supervisión, vacante na plantilla de persoal funcionario do concello de Bueu.

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: 3499KSWH67G3D2Y3M1HGWMSP | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



Concello de Bueu

2.2. Actuacións previas ao nomeamento: documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos de participación no proceso selectivo e do cumprimento das condicións para o exercizo das funcións públicas e documentación complementaria. Efectos da non presentación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos de participación no proceso selectivo.-

En aplicación da base 10.1ª das bases reguladoras do proceso selectivo, no **prazo de (05) cinco días hábiles, a contar dende a publicación do presente anuncio no taboleiro electrónico de Anuncios do concello (<https://bueu.sedelectronica.gal> (apartado "INFORMACIÓN XERAL"- Taboleiro de anuncios/sección "Emprego Público"), a aspirante proposta deberá presentar os seguintes documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos de participación no proceso selectivo e do cumprimento das condicións para o exercizo das funcións públicas correspondentes ao posto para a cuxa provisión interina é proposta:**

a) Copia auténtica ou orixinal do **DNI**.

b) Copia auténtica ou orixinal do **título esixido** no apartado 5º da base terceira ou certificación académica que acredite ter realizado todos os estudos para a súa obtención.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá presentar credencial da súa convalidación ou homologación, ou ben a credencial de recoñecemento da titulación para exercer a profesión.

c) **Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario** do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, **nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial** para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo do que foi separado ou inhabilitado, nin pertencer ao mesmo corpo.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia, o acceso ao emprego público nos mesmos termos, segundo o modelo que figura como anexo III a esta convocatoria.

d) **Informe médico** respecto do estado de saúde que acredite que o/a aspirante non padece enfermidade nin está afectado/a por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións, sen prexuízo de posterior recoñecemento.

Xunto coa documentación anterior, deberá achegar a seguinte **documentación complementaria:**

a) Copia da Tarxeta da seguridade social ou tarxeta sanitaria e

b) Certificado da entidade bancaria a efectos do abono das retribucións e no que figure o IBAN e díxitos da correspondente conta bancaria da que sexa titular.

Deberán **aportarse, en todo caso, documentos orixinais**, se a candidata proposta desexa o seu cotexo electrónico polo servizo de rexistro do concello de Bueu, **ou ben copia autenticada do documento efectuada por autoridade competente, segundo a súa elección, a excepción das declaracións xuradas que deberán ser orixinais**, coas formalidades previstas na Lei 39/2015, para a súa debida constancia no

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: 3499KSWH67G3DJ2Y3MH3G-WMSP | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



Concello de Bueu

expediente.

No suposto de que no prazo fixado, agás os casos de forza maior, a candidata non presentara a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos de participación no proceso selectivo e do cumprimento das condicións para o exercizo das funcións públicas ou ben, do exame dela, se deducise que carece dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª das bases reguladoras, relativa á “Requisitos dos aspirantes”, no poderá ser nomeada funcionaria interina e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrera por falsidade na solicitude inicial de participación no procedemento selectivo regulada na base 5ª das bases reguladoras.

Contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións públicas.

Non obstante, a interesada tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.

O que se fai publico mediante anuncio no taboleiro electrónico de anuncios do concello (<https://bueu.sedelectronica.gal> (apartado “*INFORMACIÓN XERAL*”- *Taboleiro de anuncios/sección “Emprego Público”*)) sen prexuízo de que, de forma complementaria, se publique na páxina web do concello (apartado “*Cidadanía*”-“*Procesos selectivos*”-1-*Proceso selectivo técnico/a administración xeral*”), para coñecemento dos candidatos no procedemento selectivo de referencia, en aplicación en aplicación das bases 9ª, 10ª e 14ª.2 das bases reguladoras do procedemento selectivo.

Documento asinado electronicamente á marxe

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: 3499KSWH67G3DJ2Y3MH3GWMSP | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3